



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Antropoloxía da educación	Código	652G03029	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación Humanidades			
Coordinación	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Profesorado	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Web	www.udc.es (página web de la Fac. de Ciencias de la Educación)			
Descrición xeral	<p>A materia Antropoloxía da educación tenta asentar no alumno unha reflexión sobre a significación humana do proceso educativo; é dicir, fundamentar os procesos formativos desde unha perspectiva antropolóxica, tanto no sentido da antropoloxía filosófica coma no da antropoloxía cultural.</p> <p>Establece unha conexión entre a índole cultural do ser humano (o home non é mera natureza, senón animal cultural) e a necesidade conseguinte da educación como ingrediente esencial da cultura. Presta, por outra banda, particular atención ó carácter multicultural do mundo contemporáneo, con decisivas consecuencias no eido educativo, e á necesidade de dotar ó proceso educativo dun espírito crítico que cuestione os estereotipos responsables das diferentes formas de marxinação e exclusión sociais.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
		A2	B1
Fundamentar, antropolóxicamente, a centralidade do proceso educativo na constitución e evolución do home como "animal cultural";	A5	B5	C3
	A8	B6	C4
	A11		C6
Interpretar o proceso educativo como o procedemento principal de integración dos individuos nunha sociedade, atendendo a distinción entre socialización primaria e secundaria	A2	B1	C1
	A5	B5	C3
	A8	B6	C4
	A11		C6
			C8
Analizar o feito multicultural e criticar os prexuízos etnocéntricos	A2	B1	C1
	A5	B5	C3
	A8	B6	C4
	A11		C6
			C8
Analizar os compoñentes principais da cultura (técnicos, simbólicos e sociais) e a súa interrelación nos procesos sociais e, especialmente, educativos	A2	B1	C1
	A5	B5	C3
	A8	B6	C4
	A11		C6
			C8



Detectar as distorsións que na vida social introducen os estereotipos que transmiten actitudes negativas cara a colectivos definidos	A2	B1	C1
	A5	B5	C3
	A8	B6	C4
	A11		C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Antropoloxía filosófica, antropoloxía cultural e feito educativo	1.1. Antropoloxía filosófica e antropoloxía cultural: caracteres universais e formas particulares do humano 1.2. Introducción á antropoloxía filosófica 1.3. Introducción á antropoloxía cultural
2. O animal cultural	2.1. Concepto de cultura 2.2. O fundamento antropolóxico da cultura 2.3. Principais sectores da cultura
3. Cultura e educación	3.1. A educación como problema cultural: a transmisión do aprendido 3.2. Educación como socialización
4. Multiculturalismo e educación	4.1. A problemática multicultural: concepto e implicacións 4.2. Consecuencias educativas da multiculturalidade
5. Estereotipos, marxinação e exclusión en perspectiva educativa	5.1. Etnocentrismo e exclusión social 5.2. Unha situación histórica: o estereotipo antisemita na Alemaña moderna 5.3. Papel da educación na loita contra dos esteretipos e as súas consecuencias marginalizadoras

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A2 A5 A8 A11 B1 B6 C1 C4 C6 C8	2	33	35
Seminario	A2 A5 A8 A11 B1 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	21	36	57
Lecturas	A2 A5 A8 A11 B1 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	0	21	21
Sesión maxistral	A2 A5 A8 A11 B1 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	21	10	31
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Realizarase segundo a data e hora previstas no calendario oficial de exames. Constará do comentario dun fragmento extraído dos textos obxecto de lectura nas sesións de seminario e dunha cuestión teórica sobre os contidos abordados na aula, tanto nas sesións maxistrais como nos seminarios.



Seminario	<p>O traballo de seminario constitúe, xunto coas sesións maxistrais, o elemento central do traballo da aula na materia. Aborda o estudo dos núcleos temáticos dos contidos mediante a análise, posta en común, discusión e interpretación de textos (artigos ou capítulos de libros) propostos ó alumno.</p> <p>O traballo de seminario supón unha dobre tarefa, a realizar fóra da aula, por conta do alumno. Por unha banda, a lectura previa dos textos. Por outra, o comentario de fragmentos extraídos dos mesmos e posterior, en consecuencia, ás sesións de seminario. Propóranse ó alumno 5 fragmentos, un por cada un dos bloques de contidos, dos que el seleccionará 3 entregando os comentarios correspondentes.</p>
Lecturas	<p>Propóranse varios libros de lectura dos que o alumno seleccionará un. Na aula ofreceranse unhas orientacións xerais, pero a lectura do libro será tarefa do alumno fóra da aula. Deberá assimilar o contido do texto, poñéndoo en relación co conxunto da materia, e elaborar un xuízo crítico sobre o mesmo.</p> <p>Na proba mixta incluírase un apartado referido ó libro de lectura, que permitirá calificar este aspecto do traballo do alumno. Propoñeráse ós alumnos a posibilidade de adiantar a realización da proba do libro de lectura, realizándoa durante o período lectivo.</p>
Sesión maxistral	<p>Recurrirá á exposición oral do profesor, co obxectivo de introducir nos núcleos conceptuais principais das unidades temáticas abordadas e establecer as pautas esenciais para a lectura dos textos que serán obxecto de análise e discusión nas sesións de seminario.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Seminario Lecturas	<p>As dúbidas puntuais que os alumnos prantexen poderán ser resoltas no interior da aula. Aqueles casos que requiran máis tempo de atención persoal serán atendidos nas titorías, dacordo có horario que figurará no taboleiro do despacho do profesor.</p> <p>Tamén se atenderán consultas dirixidas a través do correo electrónico.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A2 A5 A8 A11 B1 B6 C1 C4 C6 C8	A proba mixta constará dun fragmento a comentar (extraído dos textos obxecto de análise nas sesións de seminario), cuxa cualificación máxima será de 2 pts., e dunha cuestión teórica a desenvolver (referida ós contidos abordados tanto nas sesións maxistrais como nas de seminario), cuxa calificación máxima será tamén de 2 pts.	40
Seminario	A2 A5 A8 A11 B1 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	A cualificación do traballo de seminario, que inclúe a lectura previa polo alumno dos textos e a elaboración polo alumno de 3 comentarios (sobre 5 fragmentos que lle serán propostos e que estarán extraídos dos textos traballados nos seminarios), faráse do seguinte xeito: tres cuartas partes corresponderán á cualificación dos comentarios, cuha puntuación total de 3 pts. (1 pto. de calificación máxima por cada comentario) e a cuarta parte restante valorará a asisntencia e participación do alumno nas sesións de seminario, correspondéndolle unha cualifiación máxima de 1 pto.	40
Lecturas	A2 A5 A8 A11 B1 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	A cualificación do libro de lectura farase mediante a resposta do alumno a unha cuestión que lle sexa prantexada sobre o mesmo, acompañada dun breve fragmento. A cualificación máxima será de 2 pts. Valorarase o nivel de comprensión e síntese do libro leído, a conexión que se estableza entre o seu contido e o conxunto da asignatura, a claridade expresiva e conceptual, e a argumentación da valoración persoal.	20

Observacións avaliación



Esquema do reparto da cualificación do alumno (sobre unha cualificación máxima de 10 ptos.): a) PROBA MIXTA: 4 ptos. de cualificación máxima, dos cales 2 corresponderán ó comentario e outros 2 á resposta á cuestión teórica; b) SEMINARIO: 4 ptos. de cualificación máxima, dos cales 3 corresponderán os 3 comentarios entregados (1 ptos. por comentario) e 1 pto. que valorará a asistencia e participación nas actividades da aula; c) LECTURA.- 2 ptos. de cualificación máxima; calificarase por medio da resposta que o alumno dé a cuestión que, a partires dun fragmento da obra elexida, se lle propoña; o alumno respostará xunto coa proba mixta, pero haberá dúas cualificacións distintas (a da proba mixta -4 ptos.- e a do libro de lectura -2 ptos.).

Na segunda oportunidade (Xullo) mantense os criterios anteriores, coa salvedade de que o punto reservado á asistencia e participación na aula distribuirase entre as outras tres cualificacións parciais, dacordo coa súa aportación proporcional á cualificación global.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Ch. Wulf (2004). Introducción a la antropología de la educación. Barcelona, Idea Books - VV.AA. (1998). Antropología de la educación. Madrid, Dykinson - H. Bouché Peris (2002). Antropología de la educación. Madrid, Síntesis - P. M^a Pérez Alonoso-Geta (2007). El brillante aprendiz: antropología de la educación. Barcelona, Ariel - VV.AA. (2003). Lecturas de antropología para educadores. Madrid, Trotta - A. Caride (1995). Cuestiones de antropología de la educación. Barcelona, CEAC - O. Fullat (1997). Antropología filosófica de la educación. Barcelona, Ariel
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Ch. Taylor (2003). El multiculturalismo y la política del reconocimiento. Madrid, F.C.E. - M. Scheler (1978). El puesto del hombre en el cosmos. Buenos Aires, Losada - G. Pico della Mirandola (2002). Discurso sobre la dignidad del hombre. Barcelona, PPU - C. Paris (2000). El animal cultural: biología y cultura en la realidad humana. Barcelona, Crítica - M. Mead (1972). Educación y cultura. Buenos Aires, Paidós - D. Goldhagen (1997). Los verdugos voluntarios de Hitler. Madrid, Taurus - P. Berger y Th. Luckmann (1991). La construcción social de la realidad. Buenos Aires, Amorrortu

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías